

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2013

CONVOCATORIA DE PRENSA

Asunto	Presentación do proxecto de Turismo Termal Familiar
Organiza	AEITEGAL - Agrupación Empresarial Innovadora Termal de Galicia
Asisten	<ul style="list-style-type: none">• Nava Castro, secretaria xeral para o Turismo• Beatriz González, xerente da Fundación Cidade da Cultura• Benigno Amor, secretario tesoureiro da Aeitegal• representantes dos balnearios e talasos participantes
Lugar	Cidade da Cultura de Galicia. Santiago de Compostela (Biblioteca de Galicia, sala 1)
Data	MAÑÁ MÉRCORES, 13 de marzo (10:30 h)

A secretaria xeral para o Turismo, Nava Castro, presenta mañá mércores o proxecto de Turismo Termal Familiar na Cidade da Cultura

(Vía Láctea Comunicación).- A Cidade da Cultura acolle mañá mércores, día 13, a presentación do proxecto de Turismo Termal Familiar. Trátase dunha iniciativa novidosa promovida pola AEITEGAL, a Agrupación Empresarial Innovadora Termal de Galicia. Conta co apoio da Axencia de Turismo de Galicia.

O acto estará presidido pola secretaria xeral para o Turismo, **Nava Castro**. Asistirán, ademais, **Beatriz González**, directora xerente da Fundación Cidade da Cultura; **Benigno Amor**, secretario tesoureiro da Aeitegal; xunto cos representantes dos balnearios e talasos participantes neste proxecto.

Turismo Termal Familiar xorde como un produto turístico pioneiro especializado nas familias. Nesta experiencia participan un total de 12 balnearios e 3 talasos de toda a comunidade. Está subvencionada polo Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, a través dunha liña de axudas destinadas a mellorar a competitividade das pemes mediante o apoio ás agrupacións empresariais innovadoras.

PRENSA_ 981 554 407 _ 639 768 929 _ www.vialactea.es

www.termaldegalicia.com/familias